

Agrupación **n ó s**

---

**O NOSO  
GALEGUISMO**

Caracas, 1967

## *NOTA PREVIA*

A Agrupación NOS sai a palestra da coleitividade galega de Venezuela, definíndose a sí mesma como unha asociación de emigrantes, cinguidos por un sentimento común: GALICIA.

Para os que militamos nesta Agrupación, Galicia é un pobo que pola súa persoalidade histórica, pola súa lingoa e a súa cultura peculiares e diferenciadas, ten dereito a rexir os seus propios destiños dentro da comunidade multinacional da Península Ibérica. Propagar e difundir estes principios é a tarefa que nos impuxemos a nós mesmos, co fin de promover entre os nosos paisanos da emigración, unha concencia de galeguidade, sincronizada co grande movemento galeguista que arestora estase desenrolando na nosa Terra, con vistas aos cambios que nun futuro próximo terán de producirse inesorabelmente.

Nas páxinas que tes diante de ti, lector amigo, esponemos, dun xeito sinxelo e claro, as bases e fundamentos do noso galeguismo. Si estás de acordo con estes principios, non repares en ingresar nas nosas filas, polo ben de Galicia e de todos os galegos.

Naturalmente, somos políticos. Creemos que o chamado apoliticismo é o crimen mais grande que un cidadán pode cometer contra a súa Patria. Tanto é así, que as dictaduras e os tiranos, o primeiro que fan ao chegar ao poder é despolitizar aos pobos para que deixen de estar vixiantes e atentos as súas labouras destructoras.

A política é o arte de gobernar a un pobo. Si o pobo se desentende da política, desenténdese tamén da súa propia vida e da dos seus fillos. Desenténdese da Patria. Faise un ser innoble e egoísta.

Aos pobos interésalles saber cómo e quén os goberna. Soio os pobos suicidas esquecen esta verdade que nos enséña a Historia.

## Galicia é unha nacionalidade

Esta afirmación de que Galicia é unha nacionalidade, quizais lle choque as persoas que están afeitas a identificar os conceptos de NACIÓN e de ESTADO. Mais, por pouco que se pense, deseguida se chegará a conclusión de que ESTADO é cousa moi distinta de NACIÓN. Un Estado pode administrar unha soa Nación, como ocorre por exemplo en Dinamarca; pero tamén pode administrar varias nacións, como é o caso de Yugoslavia, da URSS e de Bélxica. E aínda poderíamos pensar en Nacións divididas en dous Estados, como Alemania, Corea, Vietnam, etc.

Todos sabemos que Galicia non está gobernada por un Estado propio, senón que está englobada no Estado hespañol, e que dentro de ise Estado centralista, Galicia nin tan siquiera constitúe unha unidade administrativa, senón catro provincias artificialmente divididas nun reparto arbitrario feito en 1833, sin ter en conta as realidades naturais e económicas da nosa Terra.

Tamén sabemos que existen Nacións que, nunha etapa determinada da súa historia, son absorbidas por outra nacionalidade e vense forzadas a someterse ao proceso de asimilación que lle impón o dominador. Collamos o exemplo de Irlanda, que durante moitos siglos estivo asoballada por Inglaterra, e que, xa ben andado o século XX, conseguiu a independencia; é dicir, convertiuse en Estado. ¿Acaso Irlanda, cando dependía de Inglaterra (como Galicia depende oxe de Hespaña) rion era unha Nación? Naturalmente que o era. Pois entón xa temola proba de que existen Nacións que non constitúen Estado e que están forzosamente sometidas a administración de un Estado alleo: son as Nacións colonizadas de Asia e África, todas xa independentes ou no camiño de independizarse, e son tamén algunhas vellas minorías nacionais de Europa.

Agora é cando nós podemos facer con claridade a seguinte pregunta: ¿Galicia é unha Nación absorbida por Hespaña, ou é somente unha simple rexión histórico-natural, con certas características propias, como pode ser Andaluca?

Pra contestar axeitadamente, o primeiro que compre é poñer en claro qué cousa é unha Nación. Sobre iste tema tense escrito moito dende puntos de vista xurídicos e filosóficos, pero agora necesitamos arredarnos da esta flora libresco que remataría por ocultarnos o que en realidade é un feito natural, un feito real e non unha idea, nin unha abstracción. Emporiso nós facemos nosa a definición aceptada pola UNESCO e polos tratados mais importantes do Dereito Político: "Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura. Somente a existencia de todolos signos distintivos, en conxunto, pode formar Nación."

Unha vez que o lector estea de acordo coesta definición, deberá preguntarse si a imaxen que él ten formada de Galicia se axusta a tódalas condicións necesarias pra que a nosa Terra seña unha Nación. ¿E Galicia unha comunidade estable? ¿Ten un idioma propio? ¿Ten un territorio propio? ¿Ten unha vida económica peculiar, e unha psicoloxía especial reflexada nun folklore e nunha cultura diferenciada? Si o lector contesta afirmativamente a todas istas preguntas chegará a conclusión de que noso povo, a nosa terra, é unha nación sometida, asoballada, negada, e que como tal ten un absoluto dereito a súa autodetermina-

ción, como tódalas nacións do mundo. Noutras palabras: ten que recoñecer que Galicia é unha Nación asimilada por un Estado alleo, que nin tan siquiera lle concede unha pequena autonomía administrativa.

Si o lector tivese algunha duda, faga o favor de seguir lendo o análisis dos diversos aspectos da nosa nacionalidade, pra tratar de poñer en relación as suas ideas coas nosas, e ver si do contacto sae a luz da verdade.

## Galicia ten un idioma propio

Nós pensamos que xa non hai ninguén que ignore iste feito. Tódolos filólogos neolatinos dicennos que o galego é un idioma fillo do latín, irmán do francés, do italiano, do castelán, e pai afortunado do portugués. Istes filólogos e lingüistas chámanlle ao noso idioma "lengua galego-portuguesa. Pero tamén todo o mundo sabe que en Hespaña, por culpa de unha enseñanza escolar tendenciosa e cientificamente errónea, tiñase entendido que o galego era un dialecto falado en Galicia. Pero felizmente, tras unha xestión conxunta da Academia Galega e do escritor Camilo Jose Cela, foi substituído no dicionario o sustantivo *dialecto* polo mais axeitado de *lengua*.

O idioma galego tivo un cultivo literario na Edade Media que se impuxo a toda a Península Ibérica como lengua poética. Incluso autores como Alfonso X o Sabio e outros que utilizaban o castelán ou o latín nas suas obras en prosa, cando tiñan que escribir en verso botaban mau do galégo, porque a nosa lengua, incluso naqueles tempos tan recuados, era un maravilloso instrumento da poesía lírica, unha lengua todo refinamento, civilización, ductilidade. No século pasado, tras de duas centurias sin cultivo literario, unha mancha de escritores, algunhos xeniais, recollérono dos labios do povo que endexamais deixara de falar, e crearon de novo a lengua literaria de Galicia, dando lugar a nosa literatura moderna que rion deixa de producir obras valiosas: Otero Pedrayo e Alvarez Cunqueiro (por non citar mais que dous nomes) adquiriron unha sona que rebaseou amplamente as fronteiras da nosa Terra, escribindo as suas obras en lengua galega.

Todos sabemos que o estado hespañol, dende os tempos dos Reises Católicos, trataron por todolos medios de borrar de Galicia o seu riquísimo idioma, pero ao cabo de tantos siglos de persecución, sois conseguiron que algunhos membros da clase media, a clase poderosa, e tamén algunhos compoñentes da clase traballadora que pretendían imitar aos seus "superiores", falen castelán. O povo, o fillo do seu traballo, o campesiño e o mariñeiro, o obreiro industrial, é dicir, a verdadeira esencia do país sigue falando en galego, ao mesmo tempo que mais e mais, os intelectuales van abandonando o uso do castelán na súa produción literaria, e hastra na súa vida de relación. Aos executores de isa monstruosidade que é a política que tende a imposición da fala castelán en Galicia, díxolles Castelao a seguinte: "Prohibíchedes o galego nas escolas pra producir no esprito dos nenos un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal, e falar castelán era falar ben. Espulsáchedes a nosa fala das Igrexas, facendo que os representantes de Cristo esplicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o povo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os tribunales de xusticia, e chegáchedes a castelanizar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de qué vos valeu? Porque despois de mais de catro séculos

de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, O NOSO IDIOMA ESTA VIVO. Sodes, pois, unhos imperialistas fracasados”.

Non pensemos que os militantes da Agrupación NOS loitamos porque o castelán sexa excluído da educación dos nenos galegos, ou que desexemos que futuras xeneracións cheguen a esquerer o castelán, do mesmo xeito que na actualidade algunhos “señoritos” chegaron a esquerer o galego. Non; antes pensamos que o castelán é un dos idiomas europeos mais estendidos no mundo, portando unha interesante cultura, que, co seu coñecemento cabal, a todo home galego lle resultaría asequível. Pero entendemos que ao neno galego que fala no seu medio a lingua galega, HAI QUE ENSEÑARLE EN GALEGO, pra que non se lle desenrole ise típico complexo de inferioridade do noso campesiño, e *comprenda ben*, pois o neno samente comprende ben no idioma primeiro que mamou da teta materna. Despois habería que lle ensinar o castelán, pero naturalmente en galego, e soio en estados mais avanzados da súa educación se intentaría un uso oral, conversacional do castelán. Isto que rematamos de decir é, nin mais nin menos, a doutrina da UNESCO con respecto a enseñanza das linguas vernáculas. Valentín Paz Andrade señala no seu libro “Galicia como tarefa”, que na URSS fálanse quince idiomas e que a súa compatibilidade foi establecida do seguinte xeito: “La enseñanza es dada en lingua local, tanto en las repúblicas federadas o autónomas, como en los territorios autónomos. El ruso se enseña en todas partes a partir del segundo año, pero como una lengua extranjera, a la vez que otro idioma —inglés, francés o alemán— es enseñado a partir del quinto año.”

Algo semellante ocorre en Suíza, Yugoslavia e Checoslovaquia, países de diversidade de linguas. Si algo parecido se fixera en Hespaña, un neno galego ao saír da escola sabería correctamente galego e castelán. Co castelán tería abertas as portas da cultura hispánica. Co galego se lle abriría outro mundo non menos importante numericamente da cultura: o mundo da fala portuguesa, no coal está incluído o Brasil. A fala galega e a fala portuguesa do Brasil son dúas ramas xemelas do mesmo troco lingüístico. Enseñándolle ao neno galego, gramaticalmente, a súa lingua, consíguese a identificación dese neno coa fala da nación “onde tal vez se acumula a mayor disponibilidad de recursos naturais do mundo: o Brasil”.

Algunhos opositores ao renacemento da lingua namarca, Hungría, Rumanía, Suecia, Noruega (por non citar mais que unhos cantos exemplos) teñen unhos idiomas que soio lles son aptos para dentro das súas fronteiras, posto que as súas falas

Galicia ten, pois, un idioma inxustamente tratado, esposto a desaparición en nome dun “españolismo” retrógado. Un idioma que, casualmente, é o idioma oficial de unha futura grande potencia do mundo: Brasil, e dun fermoso país veciño: Portugal. ¿Merece ise idioma a desaparición? Os que merecen desaparecer son os que queren esterregar, argumentan que a nosa fala é unha lingua caseira, impropia para saír fora de Galicia. Isto non é certo como queda anteriormente demostrado ao invocar o dilatado mundo da fala galaico-portuguesa. Mais, anque fose certo, os que tal argumentan falan como si o home fose samente un estómago, e non un ser capaz de producir sentimentos superiores. O home ben nacido quere lle a súa fala natal, como lle quere a nai: independentemente de que a nai sexa rica ou probe, alta ou baixa, agraciada ou disgraciada. En Europa existen dúcias de linguas caseiras: Holanda, Di-

nacionales non transcenderon ao exterior (como transcendeu o galego). E, non embargantes, os cidadans de isas nacións citadas, non desprecian as cóidanas, minanas e cultinas con amor filial suas linguas respectivas, senon antes ao contrario, porque son as súas falas maternas, as falas dos seus antepasados e devanceiros. Cando Dinamarca era unha provincia xermánica, naquél país pasaba algo semellante ao que pasa oxe en Galicia: os funcionarios, os burgueses, os “señoritos”, despreciaban a súa lingua nacional e falaban samente o idioma do país colonizador: o alemán. Falar en danés era sinónimo de probeza, de baixa cultura, de xente socialmente despreciada... Cando Dinamarca adequiriu a súa liberdade nacional, puxéronse a reconstruír pacientemente o seu idioma propio, persuadidos de que con elo reconstruían a súa persoalidade e o seu espírito.

A iste respecto, Castelao decía moi acertadamente: “O problema do idioma en Galicia, é un problema de diñidade e de liberdade; pero mais que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar con biberón. Nós queremos mamar a cultura pola propia teta materna. Pedimos garantías legais para o desenvolto natural do noso espírito, porque queremos voltar a presentarnos diñamente no mundo, levando nas maus o ouro da nosa cultura para ofrendarilo ao acervo espiritual da Humanidade.” Femosas palabras que tódolos galegos deberían firmar.

## Galicia ten un territorio propio

Todos sabemos o que é Galicia. Os únicos que o iñoran son os burócratas de Madri, os que exercen esa endemoniada forma de colonialismo sobre o noso chan. Pra eles non hai Galicia, nin hay Cataluña, nin hay País Vasco. Eles iso saben da provincia de Pontevedra, da provincia de Alava, da provincia de Girona. Os creadores do sistema centralista hespañol, procuraron dividir as unidades económico-humanas (ao que nós chamamos nacionalidades) en pequenas unidades administrativas, sin ningunha realidade natural, que lle chaman provincias. Hastra nin neso foron orixinales, pois foron os Borbós de orixen francés os que trouxeron de Francia o modelo de centralismo que agora sufrimos. Unha vulgar copia.

Pero a pesares de que Galicia é descoñecida como unidade polo poder central, tódolos galegos, e moitos que nono son, sabemos ben que Galicia existe como tal unidade, como tal nacionalidade. Sabemos ben onde comenza e onde termina. Sabemos que por unha banda remata xusto cara o mar, e que pola outra chega ao territorio leonés e o territorio asturián, de xeito que o Bierzo, e a porción de Asturias que remata no río Navia, son humana i economicamente comarcas galegas.

Sabemos todo isto, e sabemos aínda mais. Sabemos que a nosa terra é un dos currunchos con mais beleza natural de Europa. Por eso estamos tamén de acordo en que veñan xentes de todo o mundo a corpantiren con nosco as nosas praias, a ollar as nosas obras de arte, a recrearse co noso folklore, a beber os nosos viños e comeren o noso pan. Eles tragarán dos seus países unhos puntos de vista novos pra intercambelaos cos nosos, i estebelecer unha corrente económica e de ideas que virá a vitalizar as nosas vilas e aldeas. Por eso, velef que o que comenzou sendo tolería dos poetas, o paisaxe, pode ser un dos puntales da nosa economía no momento en que se abra, con xeito e intelixencia, ao turismo.

Todos coñecemos o noso territorio e todos lle temos amor. Dixo o tantas veces citado, Castelao: "Aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político; pero non hai pobo hespañol que nos aventaxe en amor a terra natal."

Nós non estamos de acordo con Castelao. Nós pensamos que aos galegos sobranos vontade, o que pasa que ao non estarmos organizados nunha entidade estatal propia, a nosa vontade non pode ser aproveitada en servizo do noso país; a nosa vontade, o noso traballo é aproveitado polo centralismo hespañol, pola vida económica de América (e agora tamén de Europa) por onde, lentamente, se está dispersando o esforzo do noso pobo, nunha emigración masiva. Primeiro, pois, autonomía pra Galicia. Despois edificaremos unha grande-pequena nación, como Holanda, como Luxemburgo, como Dinamarca, cujos recursos naturais son semellantes aos nosos, e cujo nivel de vida é un dos máis altos do mundo. ¿Non merez a pena de tomarse algún traballo?

## Galicia

### ten unha economía peculiar

A Nosa Terra ten unhas características económicas que a diferencian nitidamente do resto das terras hespánolas. Nós xa sabemos que Galicia ten unhas estruturas económicas moi especiais. Pero esta norma de diferenciación non debe ser para o noso pobo un timbre de gloria, nin un motivo de satisfacción. Nós debemos estar orgullosos de poseer un dos idiomas máis ricos e sonoros de Europa. Nós debemos envanecernos de ter un chan que é un regalo continuo para os ollos. Pero debemos arrenegar de que a nosa peculiar economía fluctúe de seguido entre situacións de miseria e entre situacións de lucro en proveito de intereses alicos. De unha parte paro forzoso déficit pecuniario constante nas nosas familias traballadoras. Doutra parte fuxida do capital galego a través dos Bancos e das Caixas de Aforros, cara a inversión en empresas localizadas fora da nosa área social, e que polo tanto non nos beneficia en absoluto. Subraíemos un feito elocuentísimo: Un momento que a emigración galega adquire o máis alto índice de despoboación, un financeiro, capitán de industria chamado Conde de Fenosa, dona a título gratuito TRES MIL QUINIENTOS MILLOS DE PESETAS para unha fundación benéfico-cultural. Esta enorme cantidade de diñeiro, que, naturalmente, non é máis que unha ínfima parte da que o Conde posee, foi sacada de Galicia na súa totalidade, mentras os galegos, carentes de capacidade económica e cun nivel de vida africano, tiñan que deixar a súa Terra en busca de unha vida mellor...

Pero analicemos aquilo que é privativo da nosa economía e que, por constituir un problema diferente ao resto dos problemas hespañoles, está sendo sistemáticamente desatendido: referímonos ao noso problema agrícola.

En termos xenerales a Península Ibérica (e notoriamente a chamada polos xeógrafos Iberia seca) é terra de grandes explotacións agrícolas, feitas de xeito extensivo. Hespaña é terra de latifundios, de grandes propietarios máis ou menos absentistas. Galicia polo contrario é unha terra de pequenas explotacións agrícolas, coidadosamente traballadas de xeito intensivo, que a forza de divi-

dirse chegaron cáseque a unha pulverización da propiedade rural, o coal prantexa un problema moi específico cuja resolución ha de ser forzosa-mente con fórmulas contrarias e distintas ao resto de Hespaña: un cooperativismo social, como fase previa a formas máis desenroladas de socialización.

Historicamente e por determinismo xeográfico, en Galicia foi noutro tempo necesaria a fragmentación da propiedade rural. Foi, incluso, un gran avance. Pero logo, ao correr das centurias, esa fragmentación foi frenada polo noso dereito consuetudinario que impedía a excesiva subdivisión. Pero a lexislación centralista, uniforme para a totalidade de Hespaña, impuxo en Galicia o Código Civil hespañol, e unhas leis, boas para favorecer a dispersión dos grandes fundos andaluces i estreños, foron nefastas pra Galicia, posto que eiqui tratábase, precisamente, do contrario: de favorecer os dereitos da compañía familiar, protexer a explotación colectiva de parcelas non divididas e indivisibles. Pero os gobernos centralistas estaban dabondo ocupados en copiar o centralismo francés e o código napoleónico, de xeito que non se quixeran decatarse de que o que eles lle chamaban a *sagrada unidade de la patria* era un bonito tóxico para encher as cabeceiras dos nenos das escolas, ou pra atornillarlló aos soldados nas clases de teórica dos cuarteles; pero que a realidade económica, natural, humana, era moi outra. Os lexisladores centralistas trataron de resolver o problema do latifundismo estremeño e andaluz, e nin siquera eso conseguiron.

Faise precisa pois unha Lei galega que lexisle en función das nosas necesidades; que lexisle en función da concentración parcelaria; é dicir, unha lei oposta a que rixe no resto de Hespaña. Algún lector diranos que, de feito, en Galicia estase levando a cabo a concentración parcelaria por parte dos funcionarios do estado centralista. Nono negamos. Pero nós coidamos que esa concentración é insuficiente i esporádica. A reforma agraria en Galicia non se pode facer de xeito experimental e restrinxido, senón de xeito total, masivo e, si queredes, revolucionario. Por outra parte ao labrego non se lle solucióna definitivamente ningún problema concentrando as súas leiras nunha parcela, si non hai unha lei que lle impida ou dificulte a nova división desa parcela concentrada. Compre, pois, non solo concentrar as leiras, senón tamén revalorizalas e construír un xeito propio de cooperativismo. Iste é o primeiro paso. Dempois compre o máis importante: lexislar en forma que non se volva a repetir o proceso de pulverización, co proceso de desvalorización que leva consigo. Isto último soio se consegue cunhas leis diferentes ás que rixen para o resto de Hespaña. E estas leis soio se conseguirán cando os galegos lexislen para a súa propia conveniencia, para o seu propio proveito. E os galegos poderán lexislar para o seu proveito, cando Galicia sexa un estado autónomo dentro de unha federación Ibérica, ou dentro dos Estados Unidos de Europa. Por pouco que o lector pense sobre o problema, ten que estar de acordo con nosco en que, ao ser Hespaña un micro-continente, cunha total diversidade de rexións naturais, unha administración uniforme e centralista, non pode ser beneficiosa para todas estas rexións ao mesmo tempo. O que beneficia ao xornaleiro andaluz, pode perxudicar ao importador de Barcelona. Faise precisa por tanto unha autonomía de tipo federal para as nacionalidades de Hespaña. Esa solución tragería consigo o único antídoto contra ise virus pernicioso que en Galicia converte aos nosos labregos en escravos da terra que traballan.

Despois do dito, coidamos que non haberá quen iñore que hai un problema económico galego perfectamente diferenciado e alonxado das preocupacións do estado centralista. Pero os problemas galegos non se agotan co do agro. Hai toda unha checa de problemas económico-sociais, cuxa solución soio é posíbel dende o punto de vista de unha lexislación feita exclusivamente para solucionarllos. Son os problemas do noso incipiente capitalismo, especialmente das industrias pesqueiras. Son os problemas sociais que xurden da relación entre *armador* patrón e mariñeiro. Son os problemas que aparecen cando a fluctuación da pesca marca unha época de escasez, co seu cortexo de fame a rondar os fogares dos nosos mariñeiros. Son os problemas que nos traen as explotacións hidroeléctricas dos nosos ríos, que pasaron a ser fabulosos xeneradores de enerxía, abastecedores da industria hespañola, e tamén esportada ao estranxeiro, pero que non nos fan esquecer a existencia de catrocentos municipios galegos sin suministro eléctrico; nin a vergenza de que as tarifas de consumo dentro do país son as mesmas ás do resto de Hespaña. Nós preguntamos si o sacrificio das nosas millores terras de labradío baixo as augas dos embalses, non vai mais ben a beneficiar aos grupos de presión económica capitalista, que ao centenares de familias que viron asulagadas as súas leiras e os cimiterios onde descansan os seus mortos, para recibir a cambio unha presada de cartos que non compensa tanta perda, e que en definitiva unicamente lle sirven para coller un pasaxe con destino aos catro puntos cardinales da emigración...

El velequí que tocamos outro problema galego que non se solucionará hastra que Galicia aproveite para os seus propios fins as novas instalacións hidroeléctricas. Entón as nosas industrias terán enerxía barata e producirá máis e mellor. Pero esto non se conseguirá hastra que Galicia autónoma governe e decida pola súa conta, restituíndose a si mesma o que as poderosas empresas financiadas lle roubaron oprobiosamente. Daquela e soio daquela, os galegos poderemos mirar con cariño e alegría as orgullosas moles de cemento armado erguidas polo capitalismo centralista.

## Galicia ten unha psicoloxía propia e unha comunidade de cultura

Ninguén pode discutir que a actitude vital do home galego, os seus hábitos de relación, o seu concepto da morte, son diferentes ao resto dos homes de Hespaña. Si analizamos un feito social, moi irritante para nós, quizais atopemos unha confirmación popular dos hespañoles cara a nosa diferenciación. ¿Ten reparado o lector que en moitos pobos de Hespaña se nos desprezia? ¿Ten reparado en que a palabra *gallego* na lénua usual equivale a un insulto? Eso quere decir que pra ises homes elementales e iñorantes o galego é un ser *diferente* (naturalmente, inferior). A causa de tal anomalía, está clara. Non fai falla ser un sociólogo pra saber que cando un pobo dominado por outro se resiste a ser asimilado e non acepta os esquemas de vida que lle impón o dominante, inmediatamente éste irritase e colectivamente degrada ao pobo resistente. Como dice Castelao, "confunde a *dureza para deixarse assimilar*, coa *dureza para assimilar*". Por esta mesma razón os ingleses ridiculizan aos escoceses e aos irlandeses; os franceses aos arxelinos, aos que lle chaman "bicos". Por esa razón os norteamericanos

de barrio baixo descriminan aos inmigrantes de Puerto Rico, chegando ao extremo de que decir *spanish* no Bronx ou no Brooklyn neyorquino é algo así como decir *gallego* nun barrio baixo de Madrid. Xa sabemos como terminou a historia en Irlanda i en Arxelia, incluso como terminou en Cuba. De maneira que para a xeneralidade dos hespañoles nós, os galegos, somos unha caste de xente moi diferente a eles e non soio diferente sinon tamén inferior. Eso quer decir que Hespaña pode gobernarnos, pero non pode facernos abdicar do noso carácter diferenciado e diferencial.

A calidade da psicoloxía colectiva de unha nacionalidade, ven dada pola súa capacidade para crear unha cultura. Por exemplo, os andaluces teñen unha serie de peculiaridades psicolóxicas esternas, pero non foron capaces de crear unha cultura, por eso non constituíen unha nacionalidade, por eso non son mais que os provedores de folklore para a cultura hespañola. Pero a súa cultura é a cultura castelán, a cultura oficial de Hespaña. A Galicia ocúrrelle algo moi diferente. Ocúrrelle que dende os tempos da prehistoria, sempre se desenrolaron en Galicia culturas que diferenciaron ao noso país do resto da península. Non tendes máis que ver os traballos de arqueólogos especialistas (por exemplo: "La civilización céltica en Galicia", de Florentino Cuevillas) para darvos deseguida conta como os galegos, antes da chegada dos celtas tiñamos xa formada unha cultura propia, a dos *ostrymni*, semellante a de Bretaña e Irlanda. Como coa chegada dos celtas se desenrolou a chamada *civilización dos castros*, estrictamente privativa da Nosa Terra. Como, xa plenamente romanizados, demos ao mundo o xenio do herexe Prisciliano, perseguido e martirizado por predicar unha doutrina de fondo espírito galego. Na Edade Media, gozamos de un apoxeo cultural enorme, pois Galicia foi un dos emporios da cultura de Europa, gracias as peregrinacións a Santiago. Nós sublimamos e perfeccionamos o arte románico na maravilla do Pórtico da Gloria. Nós creamos unha literatura en lénua galega, que non soio se cultivou en Galicia, sinon que nos siglos XIII e XIV e hastra o XV foi adoptada como lénua poética por todos os escritores da Península. Nós realizamos a primeira revolución social de Europa, na guerra dos Irmandiños, e fundamos as primeiras Cortes. E xa no século XIX produxose en Galicia un renacemento cultural que comprende nomes de categoría internacional e que se serviron do noso idioma como instrumento literario: Rosalía de Castro, Curros Enríquez i Eduardo Pondal. Despois déles, hastra os nosos días, produxose i estase producindo unha nova Edade de Ouro da cultura galega. Libros escritos en galego, en número superior aos de calquera momento da nosa historia, aliñanse orgullosamente nos escaparates das nosas librerías, e son mercados cada vez máis polas persoas interesadas na nosa lénua e nos nosos problemas. ¿E por qué se está producindo este espléndido movemento cultural? Pois porque Galicia ten un espírito colectivo diferente ao de Hespaña, e porque por medio da cultura galega, do exercicio da cultura galega, Galicia estase salvando de ser asimilada pola cultura oficial en lénua castelán, que dende a escola, dende a universidade, dende o púlpito, se está diariamente ofrecendo ao pobo galego coma un insulto repetido a nosa nacionalidade. No século XV por obra dos Reis Católicos, a nosa terra foi incorporada ferreamente a Castilla. Efectuouse o que o historiador daqueles reis, Jerónimo Zurita, chamou "la doma y castración del Reino de Galicia". E agora fágase esta pregunta o lector: ¿Non é un milagre que dempois de catrocentos

anos de renovarse cada día esa operación de *doma e castración*, o espírito de Galicia siga en pé, intacto, diferente, inmortal? Porque incluso é un milagre que haxa persoas en Galicia que pensen honradamente na rehabilitación da nosa nacionalidade, e que o número de estas persoas aumente de día a día...

## Palabras finales

Xa estamos de acordo fundamentalmente, o lector e mai nós. Si leu este folleto con atención, e meditou sobre o leido, estamos seguros de que está fundamentalmente de acordo, anque a súa opinión sea diferente nos detalles. Nós temola esperanza de que todos galegos estén de acordo con nosco; porque temola esperanza de que algún día todos galegos xenerosos e honestos han de estar de acordo con nosco. ¿Que a nosa esperanza é unha ilusión? Ouservade aos galegos de oxe. Escoitado unha conversa entre eles, sobre temas económicos ou culturais. Veredes que é unánime a preocupación polos nosos problemas. O único que fai falla é que todo o mundo se dea conta de que eses problemas soio poden ser resoltos polos galegos mesmos; por un aparato administrativo creado polo noso pobo para autosalvarse da ruína, da degradación, do suicidio, da dispersión polo mundo.

Pois ben; xa que estamos de acordo, en que Galicia ten todos os atributos que lle corresponden a unha nacionalidade: un idioma abandonado, que soio nós podemos rehabilitar; unha terra imperfectamente traballada e dividida, que soio nós podemos revalorizar e ordenar; unha economía ao servizo de intereses aliciosos, que soio nós debemos disfrutar; unha cultura espléndida, que debe ser a única oficial de Galicia. Agora comprenos ver que dereitos ten a nosa nacionalidade e coal debe ser o seu futuro e o seu destino no mundo.

Según a doutrina internacionalista, defendida polas Nacións Unidas, calquer nacionalidade ten unha serie de dereitos que, admirabelmente, resumía Castela: "Unha nacionalidade é soberana e ten dereito a organizarse autonomicamente, sen mais límites que os derivados do respecto ao dereito igual das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras ou a separarse da federación cando lle conviñera. Unha nacionalidade ten dereito a constituirse incluso en estado independente." Estamos vendo como xa ninguén (ou cáseque ninguén) se atreve a negar o dereito a autodeterminación das nacionalidades. Xa nin-

guén discute que hai que liquidar da face do mundo o colonialismo. E agora nós preguntamos: ¿Por qué pobos subdesenvolvidos, incultos, como por exemplo Ruanda-Urundi, como o Congo, como Senegal, como Guinea, teñen dereito a autodeterminación, consiguen a autodeterminación co consenso de todos, e nós os galegos, que somos europeos que temos unha civilización occidental e un adianto cultural, técnico e científico, incomparablemente superior; que temos recursos humanos e naturais para chegarmos a ser un país modelo, non temos dereito a autodeterminación, a facer pola nosa vida o que mellor nos conveña? ¿Por qué nós non podemos decidir o noso futuro como nacionalidade?

Diremvos por qué. Porque os galegos non estamos unidos, porque non temos a vitalidade do pobo arxelino, do pobo kenyatta que saben loitar polas súas pátrias. Non pense o lector que o estamos invitando a violencia. Nós pensamos que a violencia é un recurso da desesperación, e nós aínda temos esperanza. Nós pretendemos que o lector crea profundamente na necesidade de que Galicia recobre o seu ser, a súa persoalidade, os dereitos políticos que lle corresponden en xusticia. Nós pretendemos que os cambios que inesorabelmente se van a producir na Hespaña, non nos collan espídeos de toda idea de porvir, como ocorreu no ano 1931 ao proclamarse a República. Nós queremos que Galicia teña un peso específico o día que a libértá democrática se acade. O lector adiviña que ise día non está lonxe, que a dictadura está agobiando e que pronto acabará por afundirse, por desmoronarse, por a sixela razón de que a maioría dos cidadaos hespañoles desexan a libértade democrática que lle é negada dende fai trinta anos. Nós pedimoslle ao lector que pense nos problemas de Galicia, que tome posición e toncencia da súa condición de galego, e que agarde polo intre da loita política pacífica. Que agarde con firmeza, pero con esperanza. Esta esperanza está xustificada porque a historia e a vida están do noso lado. O tempo traballa para nós. O único que temos que facer é agardar, cultivando a nosa condición de galegos, e, no momento oportuno, loitar, facer que a historia cambie de rumbo neste cacho do mundo civilizado. Temos a ventaxa de que, tarde ou cedo, as causas xustas rematan por triunfar. A xusticia está con nosco, co noso pobo escarnecido, humillado, ofendido ininterrompidamente ao longo de catrocentos anos. E ti, lector, a carón dos teus irmáns, conseguiredes que un día o sol da libértade amaneza sobre Galicia, e a nosa Terra consiga a plenitude do que foi, do que é arestora, do que será sempre, sempre, sempre.

# VIVA GALICIA CEIBE.

O QUE ESTÁ  
CON "NÓS"  
ESTÁ CON GALICIA

Agrupación "NÓS"

OS GALEGOS QUEREMOS

LOITA POR SER SEMPRE ¡GALEGOS!

**GALICIA**

INCRESA NA NOSA

AGRUPACIÓN

Apartado 7040

EL CONDE-CARACAS